

Arquivo da Fundación Penzol. Descrición ISAD

1. Área de identificación

1.1. Código de referencia
ES.GA. 36057. AFP

1.2. Título
ARQUIVO PENZOL

1.3. Datas
1135 -

1.5. Volume e soporte
120 m.l.

2. Área de contexto

2.1. Nome do produtor
Fernández Penzol-Labandera, Fermín
Fundación Penzol

2.2. Historia institucional / Reseña biográfica

Fermín Fernández Penzol-Labandera (1901-1981), naceu Sahagún (León). Pasou a súa infancia en Mondoñedo, a súa adolescencia en Pontevedra. e a súa vida de estudante universitario en Madrid, onde se licenciou en Dereito. Foi rexistrador da propiedade de profesión. O seu afán bibliófilo levouno a formar un importante conxunto bibliográfico e documental especializado en temas de Galicia, Portugal é, en menor medida, Asturias.

No 1956 Fermín Penzol realiza a entrega simbólica do seu legado a Editorial Galaxia e anos máis tarde, mediante escritura notarial do 7 de abril de 1963, constitúese na cidade de Vigo a Fundación Penzol cun padroado formado por personas destacadas das artes, das letras e das ciencias de Galicia. A súa principal finalidade é a de servir como centro de investigación de estudos galegos.

A Fundación establécese en Vigo, inicialmente no número 24 da rua Policarpio Sanz baixo a dirección de Francisco Fernández del Riego. No 1985 mediante acordo suscrito entre a Fundación Penzol e o Concello de Vigo, os fondos trasladanse aos locais da Casa Galega da Cultura de Vigo no número 2 da Praza da Princesa, a súa sé actual.

En 2008 anóvase o Patronato da Fundación ampliando os seus membros e incorporándose institucións no mesmo (Real Academia Galega y Consello da Cultura Galega). Francisco Fernández del Riego, alma e brazo executor da Fundación, retirarse, producíndose dous anos máis tarde o seu pasamento. O seu substituto e director actual é Francisco Domínguez.

2.3. Historia arquivística

A doazón orixinal de Fermín Penzol procedía de compras e adquisicións diversas realizadas ao longo da súa vida, aínda que principalmente en librerías de vello. A esta doazón sumáronselles as aportacións de asociacións e particulares.

2.4. Forma de ingreso

Despois da entrega inicial de Fermín Penzol, os restantes fondos que forman hoxe o arquivo ingresaron mediante doazón, legado ou depósito.

3. Área de contido e estrutura

3.1. Alcance e contido

O arquivo esta formado por coleccións de procedencias diversas e non homoxéneas aínda que referentes á historia e cultura galegas. Abranguen un período moi amplo, dende o século XII ata a actualidade, tendo como elemento común a súa temática galega e tamén, nunha medida menor, portuguesa e asturiana. Dentro do conxunto existen tres grandes grupos de fondos; de orixe pública, orixe privada e coleccións.

Fondos de orixe pública:

Os fondos de orixe pública divídense en documentos notariais, xudiciais, da administración central e as súas delegacións, da administración de Galicia e da administración local.

Os **fondos notariais** son de pequeno volume, van dende o século XV ao XIX, e están constituídos por varios protocolos e un formulario para a elaboración de documentos notariais.

Os **xudiciais** están compostos por pezas soltas na meirande parte dos casos. Comprenden dende o século XVI ao XX destacando os pertencentes a Audiencia Terriorial por ser os de maior volume, ou os da súa antecesora, a Real Audiencia de Galicia.

Da **administración** central e a central delegada en Galicia e Asturias consérvase documentación dende o século XVI ao XX. As súas procedencias son diversas e difíciles de establecer. Nalgúns casos constitúen grupos diferenciados pertencentes a institucións da monarquía (Capitanía Xeral, Real Intendencia,...), pero noutras ocasións foi necesario acudir a clasificacións de carácter máis xenérico (Obras Públicas, Facenda,..).

Da administración galega apenas existe unha caixa con fondos fragmentarios pertencentes ao Consello da Cultura Galega e o Parlamento de Galicia.

Os fondos locais están formados por documentación de concellos e deputacións dende 1612 ate 1936.

Fondos privados:

Os fondos de orixe privada divídense en familiares, de asociacións, económicos, e relixiosos onde destacan polo seu volume e importancia os primeiros.

Entre os **familiares** atopáse un primeiro bloque que agrupa os denominados Familiares en sentido estricto; pertencentes a familias da nobreza e fidalguía galegas (Arias Teixeira, marqueses de Vilagarcía, Ron e Jaspe,...), inclúen documentación persoal, xenealóxica, señorial, patrimonial e de función acumulados por estas familias ao longo de xeracións. O segundo bloque recolle arquivos e coleccións formados por unha soa persoa. Suman un importante conxunto de fondos pertencentes aos protagonistas da vida política e cultural galega, principalmente durante o pasado século (Ramón Otero Pedrayo, Castelao, Ramón Piñeiro, Ramón Martínez López, etc...), aos que se lle engade o fondo do filólogo portugués Manuel Rodrigues Lapa.

Os **fondos económicos e de asociacións** son de menor entidade, trátase de documentación dispersa e pertencente a diferentes períodos da historia, así podémonos atopar dende un libro da Cofradía de Santa María dos mercadores da cidade do Apóstolo Santiago, outro da Irmandade Galeguista do Uruguay, documentos pertencentes a iniciativas de Raimundo Ibañez, Marqués de Sargadelos, ou outros da Editorial Galaxia. Pese ao seu escaso volume a súa cronoloxía vai dende 1481 ate a actualidade. Inclúense neste apartado pequenos fondos de agrupacións políticas.

Os **fondos relixiosos** non son moi numerosos, inclúen documentos de ordes relixiosas, do clero secular e fundacións, destacan pola súa homoxeneidade o fondo do Colexio de Fonseca (Colexio Maior Santiago Alfeo) e os das Escolas de Cristo (San Felipe Neri), de Santiago de Compostela.

Coleccións:

Dentro dos fondos especiais atopámonos con **fondos figurativos e coleccións de documentos** soltos. Os fondos figurativos están formados por unha colección de mapas, planos e debuxos dende o século XVII ao XX - catalogada cos fondos da Biblioteca - e outra de menor entidade formada por gravados. As coleccións de documentos divídense en tres grupos; a colección A, a colección B de diplomas e documentos soltos e a colección de executorias. A primeira esta formada por cartas, poesías e textos literarios de escritores e intelectuais (Pardo de Neira, Francisco Añón, Noriega Varela, Rosalía de Castro, etc...), comprendendo os séculos XIX e XX. A colección B de diplomas e documentos soltos está formada por documentos en pergameo e papel dende o ano 1135 ao século XIX. A colección de executorias de fidalguía compónse duns 30 exemplares dos séculos XVI ao XIX. Por último, figura unha carpeta con documentación solta do país veciño dende o século XVI ate o XX.

3.4. Organización

A organización inicial e máis completa deste arquivo débese a colaboración desinteresada dos arquiteiros Dona Olga Gallego Domínguez e Don Pedro López Gómez ata aproximadamente o ano 1990. Baixo a súa dirección redactouse un cadro de clasificación inspirado no adaptado polos arquivos históricos provinciais.

4. Área de condicións de acceso e utilización

4.1. Condicións de acceso

Documentos de libre acceso, de acordo co art. 57 e 62 da Lei 16/1985, de 25 de xuño de patrimonio histórico

español, e o artigo 82 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, así como das disposicións relativas a protección do honor e intimidade das persoas.

4.5. Instrumentos de descrición

Dos traballos de organización realizados inicialmente no arquivo consérvase un inventario en fichas realizado baixo a dirección de Olga Gallego e Pedro López. Como consecuencia dese traballo publicáronse os seguintes instrumentos de descrición:

–Gallego Domínguez, Olga e López Gómez, Pedro. *Guía das coleccións bibliográficas e documentais da Fundación Penzol*. Vigo: Fundación Penzol, 1980.

–Gallego Domínguez, Olga e López Gómez, Pedro. *Os protagonistas do galeguismo no Arquivo da Fundación Penzol*. En: *Grial*, nº 73, 1981, p. 356-376. Inclúe un cadro-tipo para a clasificación dos fondos unipersoais e o seu inventario.

Con posterioridade os novos ingresos de fondos e a súa descrición xeraron instrumentos non contemplados nos traballos de Olga Gallego e Pedro López. Existe un cadro de clasificación da totalidade dos fondos e descrições de parte dos mesmos baixo a aplicación informática Archivo 3000 Web da empresa OdiloTID.

5. Área de documentación asociada

5.4. Nota de publicacións

- **Fermín Penzol : unha obra para un país:** [catálogo da exposición celebrada na Casa Galega de Cultura, Vigo do 19 de outubro ao 30 de novembro de 2010]. Edición María Dolores Cabrera, Henrique Monteagudo. Vigo: Fundación Penzol: Galaxia, 2010.
- **Fernández Bernárdez, María.** *Edición de textos medievais do patrimonio documental da Fundación Penzol de Vigo: estudo da formulación notarial na tipoloxía da transacción do patrimonio*. Vigo: Universidade, Facultade de Filoloxía e Tradución, 2005.
- **Fernández del Riego, Francisco.** *A Biblioteca e o arquivo da Fundación Penzol*. En: *Boletín del Instituto de Estudios Vigueses*, año 2, nº 2, 1996, p. 7-15.
- **Gallego Domínguez, Olga e López Gómez, Pedro.** *Documentos sobre Portugal en la Fundación Penzol (Vigo)*. En: *Coloquio Galaico-Minhoto* (1º. 1981. Ponte de Lima). [S.l.: s.n.], 1983, p. 461-478.
- **Rodríguez Fernández-Broullón, Rafael.** *De heráldica y genealogía: pruebas de nobleza depositadas en la Fundación Penzol de Vigo*. Sevilla: Fabiola de Publicaciones Hispalenses, 2008
- **Vidal Fraile, Marián.** *A Biblioteca de Don Fermín Penzol*. En: *Actas das I Xornada de Arquivos, Bibliotecas e Museos de Galicia (1ª. 1987. A Coruña)*. A Coruña: ANABAD-Galicia, 1987, p. 415-482.
- **Vidal Fraile, Marián.** *Biblioteca Penzol*. En *Buguina*, xaneiro-febreiro 1998, nº 2, p. 16-18.
- **Vidal Fraile, Marián e Domínguez Martínez, Francisco.** *A Fundación Penzol na Casa Galega da Cultura*. En *Francisco Fernández del Riego: Vigo dende o corazón de Galicia*. Vigo: Fundación Penzol, 2012, p. 48-52.

7. Área de control da descrición

7.1. Nota dos arquiveiros

Descrición inicial realizada por Olga Gallego Domínguez e Pedro López Gómez. Revisada por Benito Ramírez Abal.

7.2. Reglas ou normas

Grupo de Arquiveiros de Galicia: NORMA GALEGA DE DESCRICIÓN ARQUIVÍSTICA. [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia, Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, 2010

7.3. Data da descrición

Última revisión o 6 de marzo de 2013.